

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOXSE
CURSO 2017-2018 (IES ROSALÍA DE CASTRO)
MÓDULO : FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL
PROFESOR : JOSÉ M. ALCALÁ PÉREZ
FAMILIA PROFESIONAL :
ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS
CICLO DE GRADO SUPERIOR :
ANIMACIÓN DE ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

ÍNDICE

I) IDENTIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN.-

II) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO EN RELACIÓN COA SÚA ADECUACIÓN ÁS CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO PRODUCTIVO.-

III) CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS.-

IV) RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

1. Duración do módulo FOL. Aspectos a engadir da Memoria do curso anterior.
2. Estrutura e organización dos contidos de módulo en unidades de traballo :
 - Obxectivos específicos e Contidos por unidade didáctica
 - Criterios de avaliación por unidade de traballo.
 - Criterios de aprendizaxe e actividades de ensino-aprendizaxe-avaliación por unidade didáctica.

V) METODOLOXÍA.-

VI) CRITERIOS DE AVALIACIÓN XERAIS E DE CALIFICACIÓN.

VII) MÍNIMOS ESIXIBLES PARA ACADAR A AVALIACIÓN POSITIVA E OS CRITERIOS DE CALIFICACIÓN.

VIII) PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS.

- ✓ Procedemento para definir as actividades de recuperación e Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda do dereito a avaliación continua.

IX) PROCEDEMENTO SOBRE O SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN E A AVALIACIÓN DA PROPIA PRÁCTICA DOCENTE.

X) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

- Procedemento para a realización da avaliación inicial (modelo de cuestionario de avaliación inicial) e medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

XI) ASPECTOS TRANSVERSAIS.

- Educación en Valores e Actividades complementarias/extraescolares.

XII) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS/EXTRAESCOLARES.

I) IDENTIFICACIÓN.-

- Denominación: “Animación de actividades físicas e deportivas”.
- Nivel: formación profesional de grao superior.
- Duración: 2.000 horas.
- Módulo : Formación e Orientación Laboral.
- Familia profesional: actividades físicas e deportivas.
- Referencia Lexislativa : Decreto 91/1999 do 25 de Marzo polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ó título de técnico superior en animación de actividades físicas e deportivas; Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia (DOGA, 12 de xullo); e Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación

II) CONCRECIÓN DO CURRÍCULO EN RELACIÓN COA SÚA ADECUACIÓN ÁS CARACTERÍSTICAS DO ÁMBITO PRODUCTIVO.-

Esta programación realízase para o módulo de FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL, o cal a tenor da lexislación vixente debe proporcionar os alumnos e alumnas:

1. - A adquisición de coñecementos e habilidades necesarias para traballar en condicións de seguridade e previr os posibles riscos derivados das situacións de traballo.
2. - O coñecemento da lexislación laboral básica e os dereitos e obrigas que se deriven das relacións laborais.
3. - A formación necesaria para comprender a organización e características do sector correspondente, así como os mecanismos de inserción profesional.
4. - Os fundamentos básicos da economía explicados de forma sinxela e gradual. A empresa como entidade organizativa onde se desenvolve a actividade económica e o contexto internacional da economía.

Esta programación pertence ao Ciclo Formativo de Grao Superior de Animación de Actividades Físicas e Deportivas, tomando como referencia o Decreto 91/1999, do 25 de marzo, polo que se establece o currículo do Ciclo Formativo de Grao Superior correspondente ó Título de Técnico Superior en Animación de Actividades Físicas e Deportivas, e introducindo as adaptacións necesarias para adecuar a docencia ás características do alumnado e as características do contorno sociocultural do centro (IES Rosalía de Santiago).

Para esta adecuación, baseámonos ademais no seguinte PERFIL PROFESIONAL, referido no Decreto do Currículo como segue:

COMPETENCIA XERAL.

Os requirimentos xerais de cualificación profesional do sistema productivo para este técnico son: Ensinar e dinamizar xogos, actividades físico–deportivas recreativas individuais, de equipo e con implementos, e actividades de acondicionamento físico básico, adaptándoos ás características do medio e ás dos participantes conseguindo a satisfacción do usuario e un nivel competitivo de calidade, nos límites de gasto previsto.

Este técnico actuará, se é o caso, baixo a supervisión xeral de licenciados e/ou diplomados especialistas nos ámbitos da súa intervención.

CAPACIDADES PROFESIONAIS.

Capacidades técnicas.

-Concreta—los obxectivos, os contidos, os medios, os métodos, a temporalización e a avaliación das actividades, en función da programación xeral, as características dos participantes e do medio e, se é o caso, as directrices recibidas.

-Ensina—las técnicas propias das actividades utilizando os equipos e o material apropiados, demostrando os movementos e corrigindo os erros de execución dos participantes.

-Manterse informado sobre as últimas aportacións técnicas ou científicas relacionadas co seu traballo, co fin de incorpora—las novas técnicas e tendencias, e utiliza—los novos equipos e materiais do sector.

-Aplicar técnicas propias do seu traballo para optimiza—la prestación do servizo, segundo criterios de eficacia, seguridade e relevancia, conseguindo satisfice—las expectativas do cliente.

Capacidades para afrontar continxencias.-Actuar en condicións de posible emerxencia, transmitindo con serenidade e celeridade os sinais de alarma e aplicando os medios de seguridade establecidos.

-Resolve—las continxencias que se presenten en relación ás persoas, ás instalacións e ós equipos ou materiais, consultando as decisións cando as repercusións sobrepasan o seu ámbito de actuación.

Capacidades para a dirección de tarefas.

-Posuír unha visión global e integrada do proceso de prestación do servizo, comprendendo a función das instalacións e equipos e as dimensións técnicas, organizativas, económicas e humanas do seu traballo.

-Dirixir e asesorar individuos ou grupos na realización de actividades físico—deportivas de carácter recreativo garantindo as condicións de seguridade.

-Dinamiza—las actividades de forma que resulten atractivas e motivadoras e fomenten nos participantes a adherencia ó programa.

-Organizar e dirixi—lo traballo doutros técnicos de nivel inferior axustándose, se é o caso, ás directrices recibidas.

-Comunicarse e actuar de maneira coordinada con todas aquelas seccións ou departamentos que incidan na prestación do servizo co fin de logra—los obxectivos previstos.

Capacidades para adaptarse ó medio.

-Adaptarse ós cambios tecnolóxicos, organizativos, económicos e sociais que inciden na súa actividade profesional.

-Manter relacións fluídas cos membros do equipo de traballo no que está integrado, colaborando na consecución dos obxectivos asignados ó grupo, respectando o traballo dos demais, participando activamente na organización e desenvolvemento de tarefas colectivas, cooperando na superación das dificultades que se presenten cunha actitude tolerante fronte ás ideas dos compañeiros e subordinados.

Responsabilidade e autonomía nas situacións de traballo

A este técnico, no marco das funcións e obxectivos asignados por técnicos de nivel superior ó seu, requiriráselle as capacidades de autonomía en:

-Elaboración e avaliación do plano de traballo e das sesións a partir da programación xeral.

-Información a clientes/usuarios sobre aspectos relacionados coa práctica de actividades físico—deportivas concernidas.

-Selección de fontes de información para o seu traballo diario e/ou formación continuada.

-Adaptación das diferentes actividades ás características do medio e dos usuarios.

-Concreción de programas individualizados.

-Organización e execución da actividade en condicións de seguridade.

-Ensinanza e animación das actividades concernidas.

Dinamización de grupos.

-Administración de primeiros auxilios en caso de accidente ou enfermidade.

-Organización, dirección e desenvolvemento, ó seu nivel, de eventos físico-deportivos de carácter lúdico.

ENTORNO PROFESIONAL

1. As personas que obteñan este título exercen a súa actividade profesional tanto no ámbito público, administracións públicas, como en entidades privadas, grandes, medianas e pequenas empresas que ofrezcan servizos de ensinanza deportiva, acondicionamiento físico, inclusión sociodeportiva e recreación.

A súa actividade desenvólvese nas áreas de animación social, ensinanza físico-deportiva nos diferentes contextos e idades, a animación turística e as actividades de tempo libre educativo infantil e xuvenil, ocupándose da planificación, organización, dinamización e avaliación das actividades.

Asemade, pode ocuparse da organización de competicións no oficiais e pequenos eventos físico-deportivos para todo tipo de usuarios e empresas de turismo activo.

A súa actividade desenvólvese en instalacións deportivas convencionais e no convencionais e no entorno natural, así como en instalacións turísticas, como hoteles, balnearios, campamentos de turismo e cidades de vacacións.

Os sectores productivos de inserción profesional son o deporte, turismo, ocio e tempo libre educativo onfantil e xuvenil.

2. As ocupacións e postos de traballo máis relevantes son os seguintes :

a) Profesor/a de actividades físico-deportivas (natación, atletismo, baloncesto, voleibol, tenis e pádel, entre outros).

b) Animador/a físico-deportivo e recreativo.

c) Animador/a de actividades de inclusión sociodeportiva.

d) Animador/a de veladas e espectáculos en instalacións turísticas.

e) Animador/a de actividades recreativas ao aire libre en instalacións turísticas.

f) Coordinador/a de actividades de animación deportiva.

g) Coordinador/a de actividades físico-deportivas en instalacións deportivas de empresas turísticas ou entidades públicas r privadas.

h) Coordinador/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

i) Coordinador/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escolas, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.

j) Coordinador/a de actividades paracurriculares no marco escolar.

k) Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

l) Director/a de tempo libre educativo infantil e xuvenil.

m) Director/a de campamentos, de albergues de xuventude, de casas de colonias, de granxas-escolas, de aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.

n) Director/a de actividades paracurriculares no marco escolar.

o) Xefe/a de departamento de animación turística.

- p) Cronometrador/a, xuíz/a e árbitro de competicións deportivas no oficiais.
- q) Promotor/a deportivo/a e de competicións de nivel elemental o social e de eventos deportivos de nivel básico.
- r) Monitor/a de actividades físico-deportivas e recreativas en campamentos.
- s) Monitor/a de tempo libre.
- t) Socorrista en instalacións acuáticas.

SECTOR/ÁMBITO PRODUCTIVO

O perfil profesional deste título, dentro do sector terciario, define un profesional polivalente capacitado para exercer a súa actividade profesional no ámbito dos servizos sociais, do lecer activo e o turismo e da actividade física saudable, respondendo o cambio de tendencia que experimentou a práctica da actividade física e deportiva na nosa sociedade, tal e como recolle o libro branco sobre o deporte da Comisión Europea e as sucesivas enquisas de hábitos deportivos da poboación española.

Desde as administracións públicas recoñécese a actividade físico-deportiva como un instrumento potente na necesaria transmisión de valores de participación e inclusión social, solidariedade e multiculturalidade. A garantía de profesionalidade na satisfacción destas necesidades é un dos compromisos deste título.

Doutra banda, as consecuencias derivadas dos hábitos sedentarios da poboación na nosa sociedade propiciaron iniciativas de promoción da actividade físico-deportiva desde as propias administracións públicas. A materialización destas iniciativas necesita profesionais cualificados que teñan acreditadas as competencias que lles permitan desenvolver as funcións de planificación, organización, realización e avaliación das actividades de ensino físico-deportivo, de inclusión sociodeportiva e de recreación a través das actividades físicas e deportivas, respectando en todo o proceso as marxes da saúde, tal e como recolle o perfil do presente título.

No ámbito europeo, considérase que o sector da actividade física e do deporte crece con rapidez e pode contribuír aos obxectivos de Lisboa de crecemento e creación de emprego, ten sinerxias co turismo e pode estimular a mellora das infraestruturas e o establecemento de novos partenariados para financiar as instalacións deportivas e de lecer. En España e en Galicia, concretamente, nas estatísticas oficiais, as actividades deportivas como actividade económica principal inclúen o sector da actividade física que afecta ao presente título. Nos datos dispoñibles rexístrase unha alta porcentaxe de empresas con menos de 6 empregados (aproximadamente o 80 %) e respecto da súa condición xurídica, aproximadamente o 25% son persoas físicas, ao redor dun 36% adoptan a forma de sociedades limitadas e só un 3% son sociedades anónimas. Existe un alto nivel de contratación temporal e unha elevada porcentaxe de traballadores autónomos.

As características do mercado de traballo, a mobilidade laboral e os movementos entre sectores e subsectores obrigan a formar profesionais polivalentes capaces de adaptarse ás novas situacións socioeconómicas, laborais e organizativas. Esta finalidade perséguese no presente título

Finalmente, o lugar onde impártese o Ciclo, Santiago de Compostela, capital da Comunidade, e Galicia, é unha zona cunha altísima demanda deportiva e turística. Polo tanto, un lugar moi axeitado para que os profesionais cualificados con esta titulación poidan aproveitar a súa potencialidade de formación, perfeccionamento e traballo.

UNIDADES DE COMPETENCIA

1. Ensinar e dinamizar actividades físicas recreativas.
2. Ensinar e dinamizar xogos e actividades físico-deportivas individuais.
3. Ensinar e dinamizar actividades físico-deportivas de equipo.
4. Ensinar e dinamizar actividades físico-deportivas con implementos.
5. Ensinar e dinamizar actividades básicas de acondicionamento físico.
6. Organizar, planificar e xestionar unha pequena empresa de actividades de tempo libre e socioeducativa.

III) CAPACIDADES TERMINAIS ELEMENTAIS.

- Analiza-as situacións de risco máis habituales non ámbito laboral que poidan afecta-a saúde.
- Aplicar, non ámbito laboral, ás medidas de protección e prevención que corresponda ás situacións de riscos existentes.
- Analiza-as actuacións a seguir non caso de accidentes de traballo.
- Aplica-as medidas sanitarias básicas e inmediatas non lugar do accidente en situacións de riscos existentes.
- Analiza-as formas e procedementos de inserción na realidade laboral como traballador por conta propia ou por conta allea.
- Analiza-as propias capacidades e intereses así como os itinerarios profesionais máis idóneos.
- Identifica-o proceso para unha boa orientación e integración do traballador na empresa.
- Identifica-as ofertas de traballo non sector produtivo referido os seus intereses
- Analiza-os dereitos e obrigas que se derivan das relacións laborais.
- Describi-o sistema de protección social.
- Interpreta-los datos da estrutura socioeconómica da Comunidade Autónoma de Galicia, identificando as diferentes variables implicadas e as consecuencias das súas posibles variacións.
- Analiza-la organización e a situación económica dunha empresa do sector, interpretando os parámetros económicos que a determinan.
- Analiza-lo tecido empresarial de Galicia comparándoo co doutras Comunidades Autónomas.

IV) RELACIÓN DE UNIDADES DIDÁCTICAS, SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.

DURACIÓN DO MÓDULO : 55 horas (66 SESIÓNS)

BLOQUE I (14) : SEGURIDADE E SAÚDE LABORAIS.

UD 1 : SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

(Nº de sesións : 2).

UD 2 : OS RISCOS LABORALES.

(Nº de sesións : 2).

UD 3: MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN.

(Nº de sesións : 2).

UD 4 : A XESTIÓN DA PREVENCIÓN

(Nº de sesións : 2).

UD 5 : O PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

(Nº de sesións : 4).

UD 6 : PRIMEIROS AUXILIOS

(Nº de sesións : 2).

BLOQUE II (42) : LEXISLACIÓN E RELACIÓNS LABORAIS.

UD 7 : O DEREITO DO TRABALLO.

(Nº de sesións : 5).

UD 8 : O CONTRATO DE TRABALLO.

(Nº de sesións : 8).

UD 9 : A XORNADA LABORAL E CONCILIACIÓN FAMILIAR.

(Nº de sesións : 5).

UD 10 : O SALARIO.

(Nº de sesións : 8).

UD 11 : MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO CONTRATO.

(Nº de sesións : 8).

UD 12 : A REPRESENTACIÓN DOS TRABALLADORES

(Nº de sesións : 3).

UD13 : SEGURIDADE SOCIAL E DESEMPREGO

(Nº de sesións : 5).

BLOQUE III (6) : ORIENTACIÓN E INSERCIÓN LABORAL

UD 14 : TRAXECTORIA LABORAL E PROFESIONAL.

(Nº de sesións : 2).

UD 15 : O PROCESO DE BUSCA DE EMPREGO.

(Nº de sesións : 2).

UD 16 : A CARREIRA PROFESIONAL.

(Nº de sesións : 2).

BLOQUE IV (4) : ECONOMÍA E ORGANIZACIÓN DE EMPRESAS.

UD 17 : O SECTOR ECONÓMICO EN GALICIA E EN ESPAÑA.

(Nº de sesións : 2).

UD 18 : AS RELACIONES ECONÓMICAS INTERNACIONAIS : A UNIÓN EUROPEA.

(Nº de sesións : 2).

REFERENCIA A MEMORIA DO CURSO 2016-2017

De conformidade ao sinalado en dita Memoria, na programación didáctica deste curso utilízanse máis supostos prácticos, modelos normativizados máis actualizados, programas informáticos de confección de nóminas e contratos novos e intuitivos, adaptando mellor as explicacións ás modificacións legislativas que se produzan no ámbito comunitario, Boletín Oficial do Estado e no Diario Oficial de Galicia.

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DOS CONTIDOS DO MÓDULO EN UNIDADES DE TRABALLO

UNIDADE DE TRABALLO Nº : 1		
Denominación	A SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO	2 sesións
Contidos, Obxectivos específicos e Criterios de Avaliación		
<p>CONTIDOS</p> <p>Traballo e saúde.</p> <p>Danos á saúde do traballador.</p> <p>Dereitos e Deberes en materia de prevención de riscos laborais.</p> <p>Responsabilidades e Sancións.</p> <p>Marco normativo básico en prevención de RR.LL.</p> <p>Organismos Públicos en materia de Seguridade e Saúde Laboral.</p> <p>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)</p> <p>Relacionar o concepto de saúde e traballo.</p> <p>Explicar o concepto actual de saúde proporcionado pola Organización Mundial da Saúde.</p> <p>Valorar a importancia da cultura preventiva en tódolos ámbitos e actividades da empresa.</p> <p>Distinguir entre Accidente de Traballo e Enfermidade Profesional.</p> <p>Identificar os dereitos e deberes de traballadores e empresarios en materia de saúde laboral.</p> <p>Coñecer as responsabilidades en materia de prevención de empresarios e traballadores e as sancións, en caso de incumprimento.</p> <p>Coñecer a normativa básica en materia de prevención de riscos laborais.</p> <p>Descubrir a existencia de uns organismos públicos que velan pola Seguridade e Hixiene no Traballo.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p> <p>Relación entre as condicións laborais e a saúde da persoa traballadora.</p> <p>Valorar a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.</p> <p>Asumir a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.</p> <p>Determinar os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.</p> <p>Clasificar e describir os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en cociña e gastronomía.</p> <p>Distinguir entre a enfermidade profesional e o accidente de traballo.</p>		

Coñecer os dereitos e obrigas que corresponden a traballadores e empresarios en materia de prevención de riscos laborais.

Recoñecer os casos nos que empresarios e traballadores teñen responsabilidades preventivas e as sancións por incumprimento.

Coñecer os diferentes tipos de normas aplicables en España en materia de prevención de riscos laborais.

Identificar os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais. (CA3.6.).

Criterios e Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación.

Proba escrita tipo test e resumes sobre os contidos tendo en conta os criterios e instrumentos de avaliación, Navegar pola páxina web do INSHT, identificando normativa, NTPs, Guías Técnicas...Sala de informática (acceso a internet, canon)...Power point.

UNIDADE DE TRABALLO Nº : 2		
Denominación	OS RISCOS LABORAIS	2 sesións
Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación		
<p>CONTIDOS</p> <p>Os riscos laborais: riscos xerais e riscos específicos.</p> <p>Análise dos riscos ligados ás condicións de seguridade.</p> <p>Análise dos riscos ligados ás condicións medioambientais</p> <p>Análise dos riscos ligados ás condicións ergonómicas e psicosociais</p> <p>OBXECTIVOS DIDÁCTICOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)</p> <p>Comprender que o traballo conleva uns riscos que poden ocasionar problemas de saúde.</p> <p>Identificar os tipos de riscos laborais que poden existir nun posto de traballo.</p> <p>Coñecer os efectos que ocasionan os diferentes riscos.</p> <p>Aprender a actuar para evitar que os riscos convértanse en danos para a súa saúde.</p> <p>Valorar a importancia da prevención dos riscos laborais.</p> <p>Detectar as situacións de risco máis habituais no ámbito laboral que poidan afectar á súa saúde e aplicar as medidas de protección e prevención correspondentes</p> <p>Determinar actuacións preventivas e/ou de protección, minimizando os factores de risco e as consecuencias para a saúde e o medio ambiente que producen</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p> <p>Clasificar os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.</p> <p>Interpretar correctamente as fontes do dereito laboral, en materia de saúde laboral, especialmente a lei de prevención de riscos laborais e os principais Reais Decretos que a desenvolven.</p> <p>Identificar as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en cociña e gastronomía.</p> <p>Determinar as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en cociña e gastronomía.</p> <p>Clasificar os danos á saúde en función das consecuencias e dos factores de risco máis habituais que os xeran.</p> <p>Propoñer actuacións preventivas e/ou de protección correspondentes ós riscos mais habituais que permitan diminuír as súas consecuencias.</p>		
Criterios e Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación		
<p>Probas escritas tipo pregunta corta e coloquios sobre os contidos tendo en conta os instrumentos de avaliación, corto do INSHT sobre “Riscos hixiénicos xerais” para a posta en común dos relacionados coas condicións medioambientais e proposta das medidas de prevención e protección (Aula con acceso a internet)</p>		

UNIDADE DE TRABAJO Nº : 3		
Denominación	MEDIDAS DE PREVENCIÓN E DE PROTECCIÓN	2 sesións
Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación		
<p>CONTIDOS</p> <p>Medidas de prevención.</p> <p>Principios e técnicas de prevención.</p> <p>Medidas de protección: Colectiva e individual.</p> <p>A sinalización de seguridade.</p> <p>OBXECTIVOS ESPECÍFICOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)</p> <p>Coñecer os conceptos e principios básicos da actividade preventiva e aplicarlos no mundo profesional, en concreto no seu sector profesional.</p> <p>Aprender que a prevención de riscos é unha actividade que debe planificarse e organizarse con suma atención.</p> <p>Saber cales son as principais técnicas de prevención.</p> <p>Distinguir entre técnicas e medidas de prevención.</p> <p>Recoñecer os principios da prevención de riscos e saber aplicarlos.</p> <p>Identificar as medidas de protección colectiva e de protección individual.</p> <p>Descubrir que son os EPI e as súas características.</p> <p>Valorar a importancia da utilización dos EPIs, como medida prevención ante os accidentes laborais.</p> <p>Recoñecer e saber interpretar as sinais de Seguridade.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p> <p>Distinguir os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras e Describir os procesos de implantación das medidas de prevención.</p> <p>Definir as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.</p> <p>Valorar a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.</p> <p>Seleccionar os equipamentos de protección individual (EPIs) axeitados ás situacións de risco atopadas.</p> <p>Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos. Analizáronse as condicións de traballo existentes nunha actividade e os seus riscos, en concreto, no seu sector profesional.</p> <p>Criterios e Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación : Proba escrita tipo pregunta longa e debates sobre os contidos tendo en conta os criterios e instrumentos de avaliación, Navegar pola páxina web do INSHT, identificando as distintas sinais de seguridade e Epls.Sala de informática (acceso a internet, canon)...</p>		

UNIDADE DE TRABAJO Nº : 4

Denominación

A XESTIÓN DA PREVENCIÓN

2 sesións

Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación

CONTIDOS

A avaliación de riscos.

- Análise de riscos.

- Valoración de riscos.

- Cando se realiza a avaliación de riscos.

- Quen realiza a avaliación de riscos

O control e a xestión do risco.

A xestión da prevención.

A organización da prevención.

- Formas de organizar a prevención.

- As auditorias.

- O experto en prevención

A representación dos traballadores en materia preventiva.

OBXECTIVOS DIDÁCTICOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)

Comprender que a prevención de riscos laborais debe estar planificada e ben organizada para ser eficaz.

Saber en que consiste a avaliación, o control e a xestión do risco e aplicalo no seu sector profesional.

Identificar os elementos que integran a xestión da prevención e como se desenvolven no seu sector profesional.

Distinguir as distintas formas de organizar a prevención na empresa e identificar a máis axeitada para cada situación.

Recoñecer a un prevencionista de nivel básico e as súas funcións.

Analizar a representación dos traballadores en materia de prevención.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Levar a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade do título.

Clasificar os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.

Analizar as funcións propias do prevencionista de nivel básico.

Recoñecer cando é necesario pasar por unha auditoría.

Determinar as formas de representación dos traballadores na empresa en materia de prevención de riscos.

Criterios e Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación

Exposición e probas orais, traballos individuais ou en parellas, e confección dun caderno de vocabulario, tendo en conta os contidos tendo en conta os criterios e instrumentos de avaliación, consulta LPRL e facer unha avaliación de riscos nunha empresa, con búsqueda da información na web.Sala de informática (acceso a internet, canon)...

UNIDADE DE TRABALLO Nº : 5		
Denominación	O PLAN DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS	4 sesións
Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación		
<p>CONTIDOS</p> <p>O Plan de Prevención de Riscos Laborais.</p> <p>A vixiancia da saúde.</p> <p>Especial protección a colectivos específicos: maternidade, lactancia, menores de idade, traballadores dunha ETT e traballadores temporais.</p> <p>O Plan de Autoprotección: Plan de Actuación en Emerxencias e Plan de Evacuación.</p> <p>A protección fronte ó lume.</p> <p>OBXECTIVOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)</p> <p>Coñecer o contido básico dun Plan de Prevención de Riscos Laborais e a obriga, por parte das empresas de ter un propio.</p> <p>Definir o contido mínimo dun plan de prevención nun centro de traballo, relacionado co sector profesional do título.</p> <p>Valorar a importancia de que todas as empresas teñan a obriga de contar cun Plan de Prevención, que inclúa a secuenciación de actuacións a realizar en caso de emerxencia.</p> <p>Coñecer os requisitos e condicións para a vixiancia da saúde do traballador e a súa importancia como medida de prevención.</p> <p>Saber que se debe protexer ós traballadores especialmente sensibles.</p> <p>Proxectar un plan de autoprotección nunha pequena e mediana empresa (PEME), incluíndo o plan de emerxencia e evacuación.</p> <p>Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.</p> <p>Saber comportarse nunha situación de emerxencia na empresa e tomar as decisións oportunas.</p> <p>Colaborar na realización dun simulacro de emerxencia.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p> <p>Valorar a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.</p> <p>Establecer o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.</p> <p>Definir o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en cociña e gastronomía.</p> <p>Identificar os requisitos e condicións para a vixiancia da saúde do traballador e a súa importancia como medida de prevención.</p>		

Valorar as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.

Analizar os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector da cociña e restauración.

Proxectar un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade do título.

Proxectar un plan de autoprotección nunha pequena e mediana empresa (PEME), incluíndo o plan de emerxencia e evacuación

Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia e saber levarlos á práctica.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación

Probas escrita tipo test e resúmenes sobre os contidos tendo en conta os criterios e instrumentos de avaliación, consulta da Ley de Prevención de Riscos e a normativa laboral, Colaborar nun simulacro de emerxencia, búsqueda da información e posta en común dos resultados resaltando a importancia da materia na vida laboral diaria. Sala de informática con acceso a internet.

UNIDADE DE TRABAJO Nº : 6		
Denominación	PRIMEIROS AUXILIOS	2 sesións
Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación		
<p>CONTIDOS</p> <p>Actuación nunha situación de emerxencia.</p> <p>Protocolo de actuación.</p> <p>Botiquín de empresa.</p> <p>Urxencia médica e primeiros auxilios: conceptos básicos</p> <p>Urxencia médica.</p> <p>Primeiros auxilios.</p> <p>Secuencia de actuacións no Soporte Vital Básico.</p> <p>Reanimación respiratoria.</p> <p>Reanimación cardiopulmonar básica.</p> <p>Clasificación dos feridos pola súa gravidade.</p> <p>Técnicas de primeiros auxilios en función das lesións</p> <p>Feridas.</p> <p>Queimaduras.</p> <p>Hemorraxias.</p> <p>Fracturas.</p> <p>OBXECTIVOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)</p> <p>Comprender as responsabilidades dos empresarios e os traballadores ante calquera urxencia na empresa.</p> <p>Aplicar dun xeito eficaz o Soporte Vital Básico.</p> <p>Descubrir a secuencia de accións que se segue na valoración dos feridos nunha situación de emerxencia.</p> <p>Actuar axeitadamente cando haxa que clasificar ós feridos nun accidente.</p> <p>Distinguir os grados de gravidade dunha vítima dun accidente de traballo.</p> <p>Coñecer os primeiros auxilios que se deben aplicar ante feridas, hemorraxias, fracturas e queimaduras.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p> <p>Comprender as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.</p> <p>Analizar os protocolos de actuación en caso de emerxencia.</p> <p>Identificar as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de</p>		

diversa gravidade.

Identificar as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación

Probas escrita tipo pregunta corta e coloquios sobre os contidos tendo en conta os criterios e instrumentos de avaliación, Navegar pola páxina web buscando a información relevante, es proxección dun corto sobre cómo Actuar ante unha suposta urxencia médica seguindo as recomendacións realizadas polo European Resuscitation Council (ERC 2005): Soporte Vital Básico. <http://www.cruzroja.es/> Sala de informática con acceso a internet.

UNIDADE DE TRABALLO Nº : 7

Denominación

O DEREITO DO TRABALLO

5 sesións

Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación

CONTIDOS

O Dereito Laboral e as relacións laborais.

Relacións laborais ordinarias: concepto e características.

Relacións laborais especiais.

Relacións laborais excluídas.

As fontes nacionais del Dereito do Traballo:

Fontes materiais

Fontes formais

A Constitución Española de 1.978.

Lei orgánica.

Lei ordinaria.

Regramento.

O convenio colectivo.

O contrato de traballo.

Usos e costumes locais e profesionais.

Fontes de Ámbito Internacional.

Dereito comunitario.

Tratados internacionais, asinados e ratificados por España.

Principios de aplicación do Dereito Laboral.

Dereitos e deberes inherentes ás relacións laborais.

OBXECTIVOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)

Coñecer a orixe do Dereito do Traballo.

Distinguir as relacións laborais das que non o son, e das relacións laborais especiais.

Identificar as fontes do Dereito Laboral e cal debe aplicarse en cada caso.

Coñecer os principios de interpretación das normas laborais e saber aplicarlos.

Saber cales son os dereitos e deberes dos traballadores e dos empresarios.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identificar o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.

Distinguir os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.

Coñecer os dereitos e deberes de traballadores e empresarios.

Valorar os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.

Identificar e diferenciáronse as relacións laborais, as relacións laborais especiais e as relacións laborais excluídas.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe-AVALIACIÓN

Proba escrita tipo pregunta longa, aproximación os textos legais, con lectura de Arts. do Estatuto dos Traballadores, Constitución Española,... extraídos de INTERNET, resume de determinados capítulos dos textos legais. Debate e posta en común para comprender o seu significado. Busca na Rede dos distintos organismos relacionados co tema. Aula de informática con acceso a internet.

UNIDADE DE TRABALLO Nº : 8		
Denominación	O CONTRATO DE TRABALLO	8 Sesiões
Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación		
<p>CONTIDOS</p> <p>O contrato de traballo e a capacidade para contratar.</p> <p>Forma e validez do contrato. Os elementos esenciais do contrato.</p> <p>O período de proba.</p> <p>Modalidades contractuais.</p> <p>Modelos de contratos indefinidos.</p> <p>Modelos de contratos temporais.</p> <p>A relación contractual cunha ETT.</p> <p>Pactos contractuais:</p> <p>O Pacto de permanencia</p> <p>O Pacto de plena dedicación.</p> <p>OBXECTIVOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)</p> <p>Recoñecer un contrato de traballo e saber que significa.</p> <p>Coñecer os contratos de traballo que poden celebrarse de forma verbal ou escrita.</p> <p>Aprender quen pode asinar un contrato de traballo.</p> <p>Identificar os diferentes tipos de contratos de traballo que existen.</p> <p>Descubrir como é a relación coas Empresas de Traballo Temporal.</p> <p>Coñecer os pactos que se engaden, con maior frecuencia ós contratos de traballo.</p> <p>Formalizar por escrito un contrato de traballo.</p> <p>Saber desenvolverse o día da sinatura dun contrato de traballo.</p> <p>CRITERIOS DE AVALIACIÓN</p> <p>Saber que modalidades contractuais deben realizarse obrigatoriamente por escrito.</p> <p>Identificar os elementos esenciais dun contrato de traballo.</p> <p>Analizar as principais modalidades de contratación e identificáronse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.</p> <p>Coñecer quen ten capacidade para contratar.</p> <p>Identificar que tipo de contrato é o máis axeitado para cada situación laboral.</p>		

Diferenciar a relación contractual coas empresas de traballo temporal.

Coñecer que pactos contractuais anexos é frecuente asinar e as súas peculiaridades.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación.

Exposición e probas orais, traballos individuais ou en parellas, e confección dun caderno de vocabulario, tendo en conta os contidos e criterios e instrumentos de avaliación, búsqueda da información en rede, acceso a web do SEPE de Galicia, descarga dos modelos de contratos e supostos prácticos Cumprimentando os modelos de Contratos de Traballo. Aula de informática, acceso a internet. Power point e canón.

UNIDADE DE TRABALLO Nº : 9		
Denominación	A XORNADA LABORAL.ORGANIZACIÓN DO TRABALLO E A VIDA FAMILIAR	8 Sesións
Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación		
<p>CONTIDOS</p> <p>A xornada de traballo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Duración máxima da xornada e xornada diaria. - Limitacións da xornada. - Horas extraordinarias. - Organización especial do traballo. <p>Descansos e festivos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Descanso semanal, entre xornadas e en xornada continuada. - Festas laborais. - Calendario laboral. <p>Vacacións e permisos.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vacacións. - Permisos retribuídos <p>Medidas establecidas pola legislación vixente para a conciliación da vida laboral e familiar</p> <ul style="list-style-type: none"> - Na xornada e as vacacións. - Na mobilidade xeográfica. - Nas excedencias, suspensión, despido e extinción do contrato. <p>Beneficios para os traballadores nas novas organizacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tipos de descentralización: interna e externa - Modalidades de flexibilidade laboral. <p>Vantaxas e desvantaxas da flexibilidade laboral.</p> <p>OBXECTIVOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)</p> <p>Coñece os aspectos máis relevantes relacionados co tempo de traballo: xornada de traballo, descansos, festivos, vacacións e permisos retribuídos.</p> <p>Identifica as condicións laborais dos traballos por quendas, nocturnos ou das horas extraordinarias.</p> <p>Sabe cales son os dereitos dos traballadores en relación cos descansos, festivos, as vacacións ou os permisos retribuídos.</p>		

Identifica as medidas que se aplican para conciliar a vida familiar e laboral.

Distingue os distintos tipos de flexibilidade laboral e a influencia tanto positiva como negativa na vida laboral.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Identificar as diferenzas entre os distintos tipos de xornadas e as características da xornada ordinaria.

Comprender os elementos que configuran o traballo a quendas e o traballo nocturno.

Identificar as características definitorias dos novos entornos de organización do traballo.

Determinar as condicións de traballo pactadas nun convenio colectivo aplicable a noso sector profesional.

Valorar as medidas establecidas pola lexislación vixente para a conciliación da vida laboral e familiar.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación

Proba escrita tipo test e resúmenes sobre os contidos tendo en conta os criterios e instrumentos de avaliación, Realización de casos prácticos sobre a Xornada e os Descansos. (www.mtas.es/CalendarioLaboral/index.htm), búsqueda na rede sobre os diferentes sistemas que seguen os países europeos nesta materia. Posta en común dos resultados. Aula de informática. Acceso a internet. Power point.

UNIDADE DE TRABAJO Nº : 10

Denominación	O SALARIO	8 sesións
--------------	-----------	-----------

Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación

CONTIDOS

O salario:

Concepto de salario.

Pago de salario.

A nómina:

Encabezamento.

Periodo de liquidación.

Percepcións suxeitas á cotización.

¿qué é o salario?

¿qué son os complementos salariais?

Percepcións excluídas de cotización

Deducións:

Descontos por cotización á Seguridade Social.

Retención a conta do imposto sobre a renda das persoas físicas.

OBXECTIVOS (RESULTADOS DA APRENDIZAXE)

Coñecer as distintas formas de salario.

Saber como se fixa o salario e como se realiza o pago.

Diferenciar o salario base dos complementos salariais.

Interpretar e diferenciar os distintos complementos que aparecen no recibo de salarios.

Diferenciar entre percepcións suxeitas e non suxeitas á cotización.

Coñecer as distintas deducións e o seu obxecto.

Cumprimentar nóminas sinxelas.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Analizar o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.

Identificar, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

Analizar os diferentes apartados do convenio colectivo: no que ás cláusulas de salario se refire.

Recoñecer a importancia de documentar o pago do salario.

Actividades de ensinanza-aprendizaxe-avaliación

Proba escrita, tipo pregunta curta, e coloquios sobre os contidos tendo en conta os criterios e instrumentos de avaliación, buscar información sobre o noso sistema salarial, Cumprimentación de distintos tipos de follas de salarios e finiquito. Comparar o noso SMI co da Unión Europeo. Acceso a información na web da Comisión Europea. Posta en común e análise crítico do resultado. Aula de informática acceso internet.

UNIDADE DE TRABALLO Nº : 11		
Denominación	MODIFICACIÓN, SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN	8 sesións
Contidos, Obxectivos e Criterios de Avaliación		
